




HTCO<sub>3</sub>



MÁSTER EN VALORACIÓN,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 15 DE MARZO DE 2016**

**A C T A**

Ás 18:15 horas do día indicado, reúnense na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (5):**

Beatriz P. Comendador Rey, Álvaro Arizaga Castro, Natalia Caparrini Marín, Belén Riveiro Rodríguez e M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz.

**Desculpan a súa ausencia (2):**

Mercedes Solla Carracelas, Cristina Montojo Santos.

**Asistentes con voz pero sen voto (1):**

Susana Reboreda Morillo.

**ORDE DO DÍA:**

**PUNTO ÚNICO.- Aprobación, se procede, do POD e do reparto da bolsa de horas de coordinación do Mestrado en Valoración, Xestión e Conservación do Patrimonio Cultural do curso 2016/2017.**

Comenza a reunión acordando por asentemento aceptar as seguintes solicitudes de voto delegado:

- A prof<sup>a</sup>. Mercedes Solla Carracelas delega o seu voto na prof<sup>a</sup>. Belén Riveiro Rodríguez.
- A prof<sup>a</sup> Cristina Montojo Santos delega o seu voto no prof. Álvaro Arizaga Castro.

O prof. Álvaro Arizaga informa da reunión que o director da *Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia*, José Granados, o vicedirector Antón Pereira e el mesmo, mantiveron co reitor da Universidade de Vigo Salustiano Mato, e coa vicerreitora de Profesorado e Organización Académica Ana Graña, e que finalizou sen cambios nas posturas de ambas partes.

Así mesmo propón pospoñer ata despois de Semana Santa a aprobación do POD proposto pola coordinación e que non inclúe a docencia do módulo 3 (optativo), vinculado ao profesorado da ESCRBCG.

A coordinadora Beatriz Comendador propón pola súa parte que se vote sen máis demora a proposta de POD, proposta á que se adhiren os restantes membros da CAM.


Procédese polo tanto a votar a proposta de POD defendida pola coordinación cos seguintes resultados:

- Beatriz P. Comendador Rey: si
- Álvaro Arizaga Castro: non
- Natalia Caparrini Marín: si
- Cristina Montojo Santos: non
- Belén Riveiro Rodríguez: si
- Mercedes Solla Carracelas: si
- M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz: si

Apróbase polo tanto a proposta de POD por 5 votos a favor e 2 en contra (ANEXO 1).

Apróbase por asentemento a bolsa de reparto de horas de coordinación do curso 2016/2017 (ANEXO 2).

A coordinadora Beatriz Comendador intervén para deixar constancia do valiosa que resulta para o mestrado a docencia do profesorado de ESCRBCG e invita aos profesores que imparten docencia no módulo 1 a seguir facéndoo. Invitación que estende de cara ao futuro a todo o profesorado da escola.



HTCO<sub>3</sub>



MÁSTER EN VALORACIÓN,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

O profesor Álvaro Arizaga comunica que os profesores da ESCRBCG que imparten docencia no módulo 1 deixarán o mestrado no próximo curso por solidariedade cos seus compañeiros da escola.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión.

Ourense, a 15 de marzo de 2016

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz

#### DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 18/04/2016.

A Secretaria,

M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: POD 2016/2017



## ANEXO 2: Bolsa reparto créditos da coordinación



**Reparto\_bolsa\_Mas  
ter\_Patrimonio\_Cult**